

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Corrección de erros.-Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2008.

Advertido erro na citada orde, publicada no DOG nº 15, do 22 de xaneiro de 2008, deben facerse as seguintes correccións:

Na páxina 1.340, no punto 3, letra c) parágrafo 2º alínea 1ª onde di: «Dado que o complemento específico se percíbese en catorce mensualidades», debe dicir: «Dado que o complemento específico se percibe en catorce mensualidades».

No anexo V páxina 1.347 punto 3º a contía do 4º período que figura na columna do mes de xuño con 40,81 debe figurar con 48,81.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008 as axudas para o fomento das frondosas caducifolias.

O Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, de 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no seu artigo 45 establece a primeira forestación de terras non-agrícolas.

O Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establece as normas de aplicación deste sistema e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común. Así mesmo, a Orde do 24 de xaneiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 19, do 28 de xaneiro), da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, establece o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas en Galicia.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

A Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 27.10º do Estatuto de autonomía, ten competencia exclusiva en materia de montes e aproveitamentos forestais.

A Consellería do Medio Rural, segundo o establecido no Decreto 175/2007, do 13 de setembro (*Diario Oficial de Galicia* nº 186, do 25 de setembro), polo que se modifica o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, é o organismo competente para a xestión destas axudas que teñen como obxectivos os seguintes:

- a) Fomentar a plantación de frondosas caducifolias.
- b) Favorecer o aumento da biodiversidade.
- c) A diminución do risco de incendio mediante a creación de devasas con frondosas caducifolias.
- d) A protección dos núcleos rurais contra os incendios forestais mediante a creación de devasas naturais con frondosas.
- e) Incidir na mellora da paisaxe.
- f) Contribuír a incrementar a cuberta forestal a longo prazo e ao mantemento ou recuperación da biodiversidade e dun ecosistema forestal san, así como contribuír á función protectora dos bosques.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ten por obxecto a regulación do réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión lles corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes delas.

De conformidade co previsto no artigo 30.1º 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde establecer as bases e convocar para o ano 2008 as axudas para o fomento das frondosas caducifolias, mediante a súa plantación.

Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio forestal da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión de:

-Os bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.

-Os bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa.

-Os bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50% do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas expostas nesta orde os propietarios particulares, as agrupacións destes propietarios, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común.

Non poderán ser beneficiarios as persoas físicas ou xurídicas que non sexan propietarios dos terreos obxecto de axuda. Non se admite a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.

Artigo 4º.-Actuacións obxecto de axuda e importes de investimento.

As especies que se van empregar nas actuacións abaixo indicadas e os traballos que se van realizar son os indicados nos anexos II e III desta orde.

Os importes de subvención corresponderanse, como máximo, co 80% do valor máximo de investimento no caso de que os traballos que se van realizar se atopen en zonas desfavorecidas (anexo XI) e co 70% do valor máximo de investimento no resto dos casos:

1ª Epígrafe. Plantación de frondosas caducifolias.

O valor máximo de investimento por hectárea de actuación é de 2.290 euros, e neste importe inclúese o tratamento da vexetación preexistente (roza, ou roza e fresado), a preparación do terreo (sempre aburatemento con retroescavadora, aburatemento mecánico con ripper modificado, nunca subsolaxe soa, sempre acompañada de aburatemento agás subsolaxe cruzada), plantación manual, a planta, a colocación de protectores e a fertilización.

2ª Epígrafe. No caso de aproveitamentos silvopastorais, plantación de castiñeiros en marcos amplos ou no caso doutro aproveitamento na superficie, o valor máximo de investimento por hectárea de actuación é de 1.200 euros.

No caso dos pro indivisos, as comunidades de bens, as cooperativas agrícolas, CMVMC, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios poderase subvencionar ademais o peche da plantación realizada, sempre e cando a superficie de actuación supere as 10 hectáreas e se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinexética ...), sendo o valor máximo do peche por hectárea de actuación de 280 euros e ata 7.000 euros por km de peche. A colocación de protectores poderase subvencionar independentemente do tipo de beneficiario, sempre e cando se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinexética...).

En terreos agrícolas abandonados, excepto no caso de entidades locais, pagaranse cinco (5) primas de mantemento, contadas a partir do ano seguinte ao do pagamento da forestación con frondosas caducifolias e para pagar nos anos 1, 2, 3, 4 e 5; esta prima de mantemento está destinada aos coidados culturais mínimos e ao mantemento da forestación realizada, e o importe de cada prima de mantemento será de 300 euros/ha.

Son terras agrícolas abandonadas aqueles terreos de ermo, terreo con arbustos e matos ou arboredo cunha fracción de cabida cuberta inferior ao 20%, que tradicionalmente tiveron un aproveitamento agrícola / gandeiro e que non recibiron ningunha utilización, nin intervención agraria durante os últimos dez (10) anos.

Artigo 5º.-Distribución do crédito.

O financiamento previsto no artigo 16º desta orde distribúese do seguinte xeito:

-Propietarios particulares de xeito individual: 20%.

-Agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais e outras persoas xurídicas (S.A., S.L. ...): 40%.

-CMVMC con superficie total clasificada inferior ou igual a 25 hectáreas: 20%.

-CMVMC con superficie total clasificada superior a 25 hectáreas: 20%.

No caso de que unha vez priorizados os expedientes solicitados non se cubra a totalidade do importe especificado nas epígrafes, os importes sobrantes das epígrafes pasará aos demais para lles facer fronte aos expedientes solicitados, se é o caso.

Artigo 6º.-Superficies mínimas e máximas para solicitar axudas.

1. Para solicitudes realizadas por propietarios particulares de xeito individual, a superficie mínima continua de actuación é de 0.5 hectáreas e a máxima de 3 hectáreas non admitíndose máis dun couto redondo por solicitude e concello.

2. No caso de comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas agrícolas, proindivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios particulares, a superficie mínima continua de actuación será de 1 hectárea e a máxima 15 hectáreas, admitíndose máis dun couto redondo por solicitude, sempre e cando supere a superficie mínima.

Artigo 7º.-Criterios de prioridade.

Cando as solicitudes presentadas superen as dispoñibilidades orzamentarias previstas nesta orde, atenderanse as solicitudes de maior a menor puntuación, dentro de cada un dos puntos do artigo 5º, segundo o baremo seguinte:

Predios onde se van realizar os traballos con:

-Linde con zona húmida (valgada, etc.): 10 puntos.

-Linde con masa de frondosas caducifolias existentes: 10 puntos.

-Linde zona agrícola (pastos...): 5 puntos.

-Linde con autoestrada, autovía ou estrada nacional: 7 puntos.

-Zona de concentración parcelaria de uso forestal: 3 puntos.

-Explotación prioritaria: 10 puntos.

-Parcela obxecto dos traballos lindante con infraestructura forestal (pista forestal, devasas...): 10 puntos.

-No caso de que a superficie de actuación conte cun plan de xestión ou ordenación: 5 puntos.

-No caso de que a superficie de actuación se atope a menos de 50 metros dun núcleo rural ou casa habitada e supoña un perigo no caso de incendio: 5 puntos.

-Por cada beneficiario que realizase un curso de formación en tratamentos silvícolas de frondosas: 2 puntos por beneficiario, ata un máximo de 8 puntos por solicitude de axuda.

-Agrupacións de propietarios legalmente constituídas: 15 puntos.

-Por cada membro da agrupación de propietarios, do pro indiviso (copropietarios) ou da comunidade de bens: 5 puntos.

-No caso de montes veciñais en man común que invistan como mínimo o 15% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) en melloras do monte, aplicarase a puntuación maior das tres epígrafes seguintes:

-Investimentos dun 15% a un 30% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 10 puntos.

-Investimentos de máis dun 30% a un 50% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 15 puntos.

-Investimentos de máis dun 50% dos seus ingresos nos últimos tres exercicios fiscais: 20 puntos.

-No caso de montes veciñais en man común que invistisen nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) un mínimo do 15 % dos seus ingresos noutros investimentos, que non sexan no monte pero que vaian dedicados aos veciños ou teñan un fin social: 5 puntos.

-No caso de montes veciñais en man común sen ingresos nos últimos tres exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006): 10 puntos.

Para todos os casos, de existir empate, prevalecerá o número máis baixo formado polas catro últimas cifras do DNI ou CIF do titular do terreo.

Artigo 8º.-*Condicións técnicas das inversións.*

1. Xunto coa solicitude de axuda presentarase un documento descritivo das actuacións que se levarán a cabo; no caso dos propietarios particulares será suficiente con presentar o anexo VI, e no caso de comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios particulares, cando a axuda solicitada sexa aprobada, presentarase un proxecto, cos mesmos datos que o documento descritivo, asinado por un enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal e visado polo correspondente colexio oficial; no caso de enxeñeiro técnico forestal deberá estar visado no colexio da Comunidade Autónoma de Galicia e, en todo caso, nomearase un director de obra. O

documento descritivo das actuacións deberá conter, como mínimo, o seguinte:

-Estado legal do predio obxecto de solicitude de axuda: superficie, localización, estremeiros, accesos...

-Descrición das actuacións que se van levar a cabo.

-Especies que se van empregar, densidade final...

-Cartografía: planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5.000, ou, no seu defecto, escala 1:10.000. No caso de CMVMC deberase presentar a maiores planos a escala 1:25.000; no caso de agrupacións, incluírase nos planos unha referencia que permita coñecer cal é a superficie con que participa cada membro da agrupación, e, en calquera caso, ficha Sixpac.

-Indicación de se os terreos se atopan en Rede Natura 2000, en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago ou se existen obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

-Farase constar nos documentos descritivos das actuacións se a superficie de actuación se atopa dentro da Rede Natura 2000, e solicitarase de forma interna, antes da aprobación da axuda, informe ao Servizo de Conservación da Natureza; no caso de que este informe sexa desfavorable, non se admitirá a trámite a solicitude de axuda, agás no caso de que a superficie dispoña dun plan de xestión forestal aprobado e con informe favorable do departamento competente en materia de ambiente. Non se poderán realizar solicitudes de axuda sobre hábitats prioritarios.

A planimetría do proxecto visado, que se presentará no caso de se aprobar a solicitude de axuda, presentaráse xeorreferenciada en coordenadas UTM, huso 29, con referencia ao *datum* de traballo, en ficheiro DXF, obtido a partir dun plano de escala mínima 1:10.000, e preferentemente 1:5.000. O ficheiro DXF deberá estar estruturado da seguinte maneira:

Elementos do plano	Nivel ou capa	Cor
Límite de monte	1	Azul
Límite de monteiras de actuación	2	Vermella
Pistas existentes	3	Verde
Devasas existentes	4	Amarela
Puntos de auga existentes	5	Negra
Especies existentes na monteira (texto)	6	Negra

2. A densidade inicial e final será:

-No caso de plantación de frondosas caducifolias (punto 1 do artigo 4º desta orde): a densidade final mínima será de 625 pés/ha (4x4 m), existindo a posibilidade de facer mesturas pé a pé, ata un máximo de tres (3) especies.

-No caso de plantación de frondosas caducifolias para aproveitamentos silvopastorais, castiñeiros en marco amplo, plantacións con clons híbridos, planta mellorada, micorrizada ou enxertada ou casos doutro aproveitamento na superficie (punto 2 do artigo 4º desta orde) permítese que a densidade final sexa inferior os 625 pés/ha; no caso de que sexa inferior os 250

pés/ha deberase empregar castiñeiro enxertado (clave F26 e F27 do anexo III) e xustificar debidamente os motivos da devandita densidade, non baixando nunca dos 100 pés/ha.

3. Características da planta:

-A planta empregada deberá cumprir o Decreto 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución e supletoriamente os requisitos de procedencia e calidade exterior exixidos polo Real decreto 289/2003, e sanitarios, regulados polo Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

-No caso de planta en contedor, a planta deberá ser dun ou máis zumes e o tamaño mínimo do contedor será de 300 cc, e de 200 cc para *Alnus sp.* e *Betula sp.*

-No caso de empregarse planta a raíz núa, esta deberá ser de dous ou máis zumes, excepto no caso de clons híbridos.

4. Traballos:

-Na subsolaxe simple e cruzada, a profundidade mínima do labor, medida desde o nivel do solo sen alterar, será maior de 50 cm.

-No caso de realizarse subsolaxe, esta sempre deberá ir acompañada dun aburatemento, agás no caso de subsolaxe cruzada.

-O aburatemento deberá ter unha profundidade mínima de 50 cm e unhas dimensións mínimas de 50x50 cm.

-A gradadura/ fresado só e poderá realiza en pendentes inferiores ao 15%.

-Na preparación do terreo farase sempre aburatemento con retroexcavadora, aburatado mecánico con ripper modificado, nunca subsolaxe soa, sempre acompañada de aburatemento agás subsolaxe cruzada.

5. Durante cinco anos, contados a partir da data de remate dos traballos, realizarase obrigatoriamente o control da vexetación de competencia e a reposición de marras, e no caso de que a plantación así o requira:

-Podas de formación e calidade.

-Fertilización cando o estado da planta o demande.

6. As axudas só se poderán pedir en terreos clasificados no Sixpac como: forestal (FO), pasto con arborado (PA, densidade inferior a 150 pés/ha) e pasto arbustivo (PR).

7. Nos terreos obxecto de solicitude de axuda deberase cumprir en todo caso o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

8. Nos terreos obxecto de subvención, unha vez aprobada a axuda, colocarse en lugar visible desde o

acceso, como mínimo, un cartel identificativo, segundo o modelo indicado no anexo IX, excepto no caso de propietarios particulares de xeito individual, nos cales non é necesaria a colocación do cartel.

9. Poderanse tramitar peticións de axuda co obxecto de realizar traballos en montes que teñan subscrito un convenio ou consorcio coa Xunta de Galicia, logo de informe de viabilidade do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais correspondente. Os montes consorciados coa Administración non poden solicitar as axudas dentro da superficie consorciada, ben que aqueles montes para os cales se solicitase a rescisión do consorcio ou o paso a convenio con anterioridade á publicación desta orde, si que poderán ser obxecto de axuda. Os montes que teñan un convenio ou solicítasen o paso a convenio coa Xunta de Galicia, antes de propoñerse a aprobación da axuda deberán ter un informe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais correspondente.

10. En zonas cun procedemento de concentración parcelaria en execución soamente serán aprobables as axudas solicitadas en terreos nos cales o acordo de concentración parcelaria sexa firme. Non obstante, poderanse aprobar as axudas nos casos en que non sendo firme o acordo, transcorresen seis meses desde a toma de posesión dos predios de substitución, logo de informe favorable do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias.

Artigo 9º.-Solicitudes.

As solicitudes das axudas deberán ser cubertas nos modelos formalizados para o efecto (anexo I) e facilitados polos órganos da Consellería do Medio Rural. As ditas solicitudes presentaranse nas súas oficinas, nas súas delegacións provinciais ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural.

Artigo 10º.-Documentación.

Os impresos, debidamente cubertos, deberán ir acompañados da seguinte documentación:

1. En xeral:

- a) Fotocopia do DNI, NIF ou CIF do beneficiario.
- b) Documento descritivo das actuacións ou anexo VI no caso de propietarios particulares.
- c) Declaración do beneficiario da axuda do conxunto de todas as solicitudes percibidas, solicitadas ou autorizadas para o mesmo proxecto ou actividade que a axuda solicitada ao abeiro desta orde, ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos (anexo VIII).
- d) Ficha Sixpac das parcelas obxecto de solicitude de axuda e anexo VIII debidamente cuberto.

2. Para todo tipo de titulares de terreos, excepto comunidades de montes veciñais en man común:

2.1. No caso de ser propietario dos terreos: fotocopia do título de propiedade ou declaración xurada ou

baixo a súa responsabilidade do titular da propiedade. Na dita declaración farase constar: nome, apelidos e DNI do propietario, nome dos predios, superficie e lindeiros obxecto dos traballos e localización deles ou anexo VIII. No suposto de que o terreo sexa propiedade de varios copropietarios (pro indiviso), ademais presentárase documento privado no cal se acredite o consentimento de todos os condóminos e a designación dun solicitante-representante. No caso de concentracións parcelarias sen títulos presentárase un certificado do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias e, no caso de non dispor do dito certificado, presentárase unha declaración xurada de propiedade e unha fotocopia da solicitude do devandito certificado.

3. Para comunidades de montes veciñais en man común:

3.1. Certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario, conforme autorizan o presidente da comunidade a pedirlle axudas á Consellería do Medio Rural, para a execución das accións obxecto da solicitude.

4. Para agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, pro indivisos, comunidades de bens, outras entidades xurídicas e comunidades de montes veciñais en man común:

-No caso de agrupacións de propietarios, pro indivisos, cooperativas agrícolas, comunidades de bens e comunidades de montes veciñais en man común, os membros da agrupación, os copropietarios, os membros da comunidade de bens, cooperativa ou os comuñeiros, e cando menos os seus representantes, anexo VII conforme solicitaron un curso de formación en silvicultura de frondosas caducifolias.

5. Documentación complementaria

5.1. No caso de explotación prioritaria:

-Documento xustificativo de ser titular dunha explotación prioritaria.

5.2. Para agrupacións de propietarios particulares:

-Anexo IV desta orde debidamente cuberto.

-No caso de agrupacións legalmente constituídas: CIF e documento acreditativo de constitución dela onde consten as persoas que forman parte da devandita agrupación.

-No caso de cooperativas agrarias: copia dos estatutos.

-No caso de comunidades de bens: documentación acreditativa, documento asinado por todos os membros da comunidade de bens de cumprir todos os compromisos e obrigas establecidos nesta orde, así como na demais normativa concorrente, e nomeamento dun representante.

-No caso doutras entidades xurídicas: copia dos estatutos ou escrituras de constitución e acreditación da persoa física que as representa.

-No caso de entidades locais: certificado do secretario municipal conforme se informou á comisión de goberno da solicitude de axuda.

6. Documentación adicional.

6.1. Montes veciñais en man común que invistan como mínimo o 15% dos seus ingresos en melloras do monte ou noutros investimentos que vaian dedicados aos veciños, teñan un fin social nos últimos 3 exercicios fiscais (2004, 2005 e 2006) ou non teñan ingresos: anexo V debidamente cuberto.

6.2. No caso de plantación de frondosas caducifolias en terreos agrícolas abandonados: anexo VIII debidamente cuberto.

Artigo 11º.-*Prazos.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta orde.

Deberase empregar un impreso de solicitude para cada petición realizada sobre diferentes concellos.

Cada titular poderá pedir axuda en cada solicitude para un só punto do artigo 4.

Un titular poderá presentar un máximo de unha solicitude por concello

Os traballos obxecto de solicitude de axuda non se poderán iniciar antes da aprobación da axuda.

Artigo 12º.-*Tramitación.*

1. Unha vez presentada a solicitude revisárase a súa documentación e, no caso de que conteña defectos ou omisións, seralle requirida ao solicitante a emenda, outorgándolle un prazo de dez días hábiles para facelo, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición arquivándose o expediente sen máis trámite cos efectos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

2. O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de axudas é a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Os servizos provinciais de Montes e Industrias Forestais proporánlle a Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais, como órgano xestor, a aprobación das solicitudes presentadas que cumpran todos os requisitos desta orde; a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais valorará as solicitudes de axuda segundo os criterios de prioridade establecidos no artigo 7, emitirá un informe ao director xeral de Montes e Industrias Forestais e este formulará proposta de resolución de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que remitirá ao conselleiro do Medio Rural. O conselleiro do Medio Rural resolverá sobre a aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

3. A Consellería do Medio Rural notificará a aprobación e contía das axudas ou a denegación razoada

da solicitude no prazo máximo de nove meses, que se poderá ampliar, segundo o indicado no artigo 49 da Lei 30/1992.

4. No caso de non recaer resolución expresa nun prazo de nove meses a partir da data de entrada en vigor desta orde, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999. Estas resolucións seranlle notificadas a cada un dos solicitantes dentro do prazo de dez (10) días seguintes ao da toma do acordo.

Contra a resolución aprobatoria ou denegatoria, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición do recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e o artigo 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 13º.-*Execución e xustificación.*

1. Na resolución indicárase o prazo para a execución dos traballos que, con carácter xeral, non será inferior a dous meses.

2. No caso de comunidades de montes veciñais en man común, cooperativas agrícolas, pro indivisos, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas ou agrupacións de propietarios particulares, nun prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución de aprobación deberase presentar o correspondente proxecto e o nomeamento do director de obra segundo o indicado no artigo 8º desta orde.

En cumprimento do disposto no artigo 29 punto 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do devandito prazo dun mes, cando o importe do investimento supere os 30.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores e presentalas xunto co proxecto. A elección entre as ofertas presentadas realizárase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

3. Dous funcionarios da Consellería do Medio Rural realizarán unha inspección no campo para verificar as superficies, comprobar os datos da solicitude e comprobar a viabilidade dos traballos. Esta inspección poderase realizar antes da resolución de aprobación.

4. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, un deles distinto dos que realizaron a inspección en campo.

Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realizase un menor número de unidades de obra das aprobadas.

No caso de que o importe xustificado polo beneficiario coa notificación de remate dos traballos supere en máis dun 3 % o importe da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase, ademais, a axuda a percibir resultante da comprobación final na diferenza entre ambos os importes. Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

Poderanse admitir certificacións parciais, por petición por escrito do solicitante, para importes de certificación superiores a 12.020,24 euros.

5. As prórrogas serán solicitadas motivadamente e cun mes de antelación ao remate do prazo para a execución dos traballos. Terán unha duración máxima de seis meses e serán propostas polos servizos de Montes e Industrias Forestais ao director xeral de Montes e Industrias Forestais, quen elevará proposta ao conselleiro do Medio Rural, que resolverá.

6. Xunto coa notificación de remate dos traballos achegarase a seguinte documentación:

-Facturas polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. No caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios (horas de traballo/superficie, custo hora...), de posuír a maquinaria empregada na realización dos traballos e os xustificantes dos gastos polo importe total do investimento.

-Facturas da planta empregada.

-Certificación bancaria a nome do titular do terreo; no caso de agrupacións, nesta conta deberán ser titulares conxuntos todos os titulares que formen parte da agrupación, excepto agrupacións legalmente constituídas. Nas agrupacións permítese a sinatura mancomunada da conta bancaria nun membro da agrupación.

-Declaración doutras axudas solicitadas ou percibidas para os mesmos fins.

7. Pagamentos das primas de mantemento.

A) Os importes correspondentes ás primas de mantemento poderán ser aboados, logo de solicitude (anexo X) anterior ao 30 de xuño de cada ano en que se xunta factura ou, no caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios e os xustificantes dos gastos polo importe total do investimento. No caso de propietarios particulares que realizaron os traballos polos seus propios medios, será suficiente a presentación dun documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios e de posuír

a maquinaria empregada na realización dos traballos, a partir do ano seguinte a aquel en que se efectuou o aboamento da certificación final dos traballos da reforestación, durante cinco anos, sempre e cando se axusten ao disposto no artigo 8, punto 5.

b) Os pagamentos correspondentes ás primas de mantemento dos expedientes solicitados ao abeiro desta orde efectuaranse sempre que o estado da masa sexa satisfactorio de acordo co plan de controis.

Artigo 14º.-*Comprobacións.*

1. O beneficiario comprométese a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a entidade concedente e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as instancias de control comunitarias.

2. A solicitude non implica ningún dereito para o petionario, mentres non exista resolución favorable á petición.

3. A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, como órgano xestor, antes de levar a cabo a valoración das solicitudes de axuda comprobará que os beneficiarios cumpren coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; nas agrupacións de propietarios todos os membros cumprirán as devanditas obrigas. No caso de concesión da axuda, esta comprobación tamén se levará a cabo antes de cada pagamento.

Artigo 15º.-*Reintegros.*

1. A axuda poderase revogar, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Execución de menos do 80% das accións previstas, sen autorización previa ou causa xustificada de forza maior.

b) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

c) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta orde.

d) Por incumprimento das disposicións legais de aplicación, ocultar ou falsear datos ou destinar as axudas a fins distintos aos sinalados na solicitude.

e) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impidisen.

f) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta orde que impliquen obrigas por parte do beneficiario.

g) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

h) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

i) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na Lei 14/2006.

